

Prezadas nais, pais e titores/as legais do alumnado do IES Terra de Xallas:

De acordo co establecido na lexislación vixente van ter lugar **eleccións** para representantes das nais e pais no **Consello Escolar**. Estas eleccións son moi importantes, dado que o Consello Escolar é o órgano de **participación no goberno** do centro dos diferentes membros da comunidade educativa, tamén das nais, dos pais e dos titores/as legais.

Instrucións para participar nas eleccións:

- **Poden votar** todas as nais e pais (os dous) ou titores/as legais do alumnado matriculado no centro.
- **Son elixibles** todas as nais, pais ou titores/as legais, para o cal cómpre que se presenten como candidatos/as.
- Tanto para votar como para presentar a candidatura é preciso estar inscrito no **censo electoral** (pódense presentar reclamacións na secretaría do instituto no prazo fixado).
- Nesta ocasión **elíxese 1 representante das nais e pais**, e o outro é escollido pola ANPA (se quedase deserto, elixíranse 2).
- O voto será **secreto, directo e non delegable**, igual que sucede, por exemplo, nas eleccións municipais ou autonómicas.
- Para votar, cómpre **acudir ao centro e identificarse mediante o DNI** ou outro documento acreditativo equivalente.
- Pódese votar por un máximo de 1 nome.

Datas e prazos das eleccións:

Do 5 ao 12 de novembro (ata ás 14:00)	<input type="checkbox"/> Publicación provisional dos censos dos sectores educativos citados.
Do 5 ao 14 de novembro	<input type="checkbox"/> Prazo de presentacións de reclamacións ao censo . Presentaranse ben na secretaría do centro, ou ben a través do correo ies.terra.xallas@edu.xunta.gal e dirixidas ao presidente da Xunta Electoral (en ambos casos hai que utilizar o modelo que está dispoñible na web e na secretaría do centro). <input type="checkbox"/> Prazo de presentación de candidaturas . Presentaranse ben na secretaría do centro, ou ben a través do correo ies.terra.xallas@edu.xunta.gal e dirixidas ao presidente da Xunta Electoral (en ambos casos hai que utilizar o modelo dispoñible na web e na secretaría do centro).
15 de novembro	<input type="checkbox"/> Proclamación e publicación de candidaturas. Apertura do prazo de reclamacións , que é de 2 días naturais. <input type="checkbox"/> Aprobación definitiva de censos electorais, unha vez resoltas as posibles reclamacións. <input type="checkbox"/> Sorteio público da designación dos membros das mesas electorais .
Do 18 de novembro ata o 21 de novembro	<input type="checkbox"/> Campaña electoral nos diferentes sectores.
Mércores 24 de novembro	<input type="checkbox"/> Realización das VOTACIÓNS : - As Nais, pais e titores legais votarán de 11:00 h. a 13:30 h. e de 15:30 h. a 18:00 h.
Xoves 25 de novembro	<input type="checkbox"/> Proclamación de candidatos/as electos.

Manuel Avelino Insua Hermo
 Presidente da Xunta Electoral